

LISTA DE REFRÁNS: -Utiliza os refráns para o repaso das palabras segundo o acento (fai tres columnas coas palabras agudas, graves e esdrúxulas), subliña as contraccións e especifica que clases de palabras as forman.

-Elixe 5 refráns e explica que queren ensinar.

A culpa non ten casa, por iso todo o mundo a bota para a do outro.

A todo hai quen gañe.

Antes cae un mentiroso que un coxo.

Atrás virá quen bo te fará.

Can ladrador, pouco mordedor.

Coa vara que mides, serás medido.

En maio, inda a vella queima o tallo.

En todas partes espiga o pan, non sendo onde non o botan.

Estás nas verzas e non ves a horta.

Fillo fuches, pai serás. Así como fixeches o terás.

Ninguén naceu aprendido.

Non está o alcacén para gaitas.

Non hai moito que non se acabe nin pouco que non dure.

Non hai peor xordo que o que non quere oír.

Non sabe un onde a ten.

Nunca choveu que non escampara.

O que é ladrón pensa que todos son da súa condición.

O raposo sabe moito por raposo pero sabe máis por vello.

Onde hai patrón, non manda mariñeiro.

Para abaixo tódolos santos axudan.

Quen non ten cabeza ten pernas.

Sempre no medio coma o xoves.

Tanto ten Xan coma Pericán.

Vai o vello morrendo e vai aprendendo.

¿Onde vas tolo? Onde van todos.

- **Mide os versos e segundo o número de sílabas di se son de arte maior ou menor, marca as sinalefas. Pensa se hai expresións en sentido figurado e se encontrases algunha, escribe o seu sentido literal. Mira se atopas algún recurso literario.**

Rosalía Castro, “Negra sombra”

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo Sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas;
si choran, es ti que choras:
i es o marmurio do río,
i es a noite, i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

- **Le este fragmento da historia de Fina Casalderrey “Ás de mosca para Anxo” e subliña os determinantes, contraccións e adxectivos. Os adxectivos escríbeos un baixo do outro, analízaos morfoloxicamente e di a que substantivo acompañan:**

“¿Podemos poñer axiña este titular na nosa portada?

Conmovero desenlace da historia que esta redacción lles vén relatando dende hai varios días sobre a desaparición de Estrela Canedo. Despois do seguimento do caso, ofrecémoslle unha noticia desexada e impresionante polo que ten de aleccionadora para todos.

Hoxe, gracias ao alumnado do Colexio Rosalía de Castro por subscribir, coa súa valiosa sinatura, unha preciosa carta escrita por unha nena un tanto especial, o empresario Ramón González, que continúa nestre intre privado de liberdade, pode te-la certeza de que a súa traxedia persoal non está esquecida. En todos os recunchos do país se segue a escoitar unha voz unánime. ¡BASTA XA!

Van alá cento noventa e dous días de tortura para don Ramón. Oxalá este sexa o derradeiro, abondaría con que a carta e os acontecementos que se desencadearon despois, fixesen nos secuestradores a metade do efecto que produciron na poboación enteira”.

- **Copiar esta lista de determinantes, substantivos e adxectivos para analizar morfoloxicamente.**
- **Fai unha oración con cada substantivo, recorda, necesítase dun verbo, pon o que vaia ben e procura usar distintas persoas, número, (se puideses xénero, tamén...pero o verbo non o ten, -case caes na trampa) tempos, modo... (trátase de non empregar sempre o mesmo tempo verbal)**

Branco, libros, vello, un, neve, ollos, azuis, pantalóns, moreno, rubio, escuro, plátano, o, a, hámster, helicóptero, rápido, ovo, irmán, risoño, nosos, algúns, ceo, alto, baixo, auga, altofalante, grande, televisión, salgada, pequeno, avoa, atlético, primeiro, catorce, manteiga, máxica, chan, afiada, frío.

- **Traballo co texto**

Comentario. Fai un resumo do texto e explica as circunstancias do neno e dos seus pais.

Explica que significan as frases subliñadas.

Copia e separa en sílabas as palabras con hiato ou ditongo.

Seguro que eran eles.

Riiinnn Riiinnn Riiinnn _ soou o teléfono.

Rematara de comer o bocadillo que me preparara a avoa. Era de salchichón e sóbome moi ben. Mentres o tomei vin a televisión. Logo apagueina porque trouxen uns deberes de Linguaxe para facer na casa. Xusto cando estaba sacando o caderno e o libro da carteira, soou o teléfono . entón fun correndo collelo e cando o ía erguer... ¡Ho, tío!; non sei qué me pasou aquí dentro no corazón que non fun capaz.

Acordeime de mamá e papá. Seguro que eran eles. E tiña tantas, tantas ganas de oílos que fixen todo ao revés. Pásame moitas veces así. Cantas máis ganas teño de falar con eles menos lles falo. E logo quedo triste, moi triste. Se me chaman quedo triste e se non me chaman estou triste tamén. ¡Ho! Estou triste sempre. E todo por estar lonxe. Prefería quedar sen regalos e estar sempre con eles. E todo por ter avoa. Xa sei que a avoa non ten a culpa. Heille dicir a papá que venda todos os meus regalos que me trouxo desde que está en Suiza, que foi sempre. Sempre é desde que nacín.

Os regalos que trouxeron ben sei que foron moi caros, pero así han ver que paso dos regalos. Mellor que aforren para que mamá poña o comercio, que creo que vai ser unha cafetería. Porque papá é albanel pero mamá traballa nun restaurante e cando veñan el segue de albanel e ela atende a cafetería. Pero se tardan tanto ao mellor cando veñan xa teño barba. Porque papá cando está aquí ou eu estou alá en Suíza de vacacións dime: Xa pronto vas ter barba, rapaz. E eles rin e eu teño vergoña.

Pero vou seguir con conto de teléfono, que non foi conto. Iso. Que o corazón batíame moi forte e non fun capaz de descolgalo. Mellor dito, non quixen descolgalo. ¿Por qué? ¡Eu que sei! Ás veces pásanme cousas desas pola cabeza. Aínda que esta pasoume polo corazón.

Pola cabeza pásanme outras. Cada cousa... Onte pasoume unha que se a soubese a avoa, ¡vaia lío! Ó mellor cóntoa máis adiante.

Menos mal que as cousas que pasan pola cabeza e non se fan non se notan, se non sería ¡terrorífico!, como di Eva, a miña compañeira de mesa.

Claro; a avoa non estaba na casa. Ía buscar un pouco de verdura para os coellos. Cando veu non lle dixen nada. ¡Que se amole! ¡Ho! Que se amole non. Tampouco ten culpa de que chamasen cando ela non estaba. Nin tampouco ten culpa de que a min me batese o corazón. Pero eu tampouco teño culpa de que o corazón apurase tanto. ¡Que lío!

¡E se non fosen papá e mamá! Ó mellor era calquera. Pero aquí nunca chama calquera. Só chaman papá e mamá. Ás veces chama alguén que se equivoca porque non sabe marcar os números ben.

Si é que... Que non falei con papá nin con mamá ni fixen os deberes.

Concha Blanco: “Quero que veñan meus pais”, Ed. Casals, col. O trolebús

- **Escribe catro palabras que pertencen aos seguintes Campos Semánticos.**

Comidas:

Mamíferos:

Medios de transporte. :

Instrumentos musicais:

- **Completa as seguintes palabras con “b” ou “v”:**

...ol...oreta

mó...il

co...arde

...e...ida

a...ogado

...oda

re...entar

...ar...eiro

...asoira

pa...illón

gara...anzo

...ulto

...ergoña

...er...al

automó...il

ama...ilidade

- **Escribe as palabras que corresponden a cada definición (lembra que levan Prefixos).**

Que se aplica dentro da vea. Que non é perfecto.

Plantar noutro lugar: Que está fora de ordinario:

Está no medio de dous continentes. Que non está conxelado.

Que non se pode ler:..... Que non se pode corrixir:

- **Completa o texto coa palabra axeitada do paréntese:**

Esa moza está moi (*bela/vela*) con ese vestido novo.

Eses nenos..... (*botan/votan*) a pelota moi..... (*ben/ven*)

Este fin de ano comín doce (*bagos/vagos*)

j..... (*vasta/basta*)!(*cabo/cavo*) un rato este rego e xa non traballo mais.

- **Escribe dúas palabras da familia das seguintes:**

ovo:

gravar.

móbil:

marabilla:

- **Imaxina que fas unha viaxe á Lúa. Escribe unha postal a un amigo/a, contándolle que fas alí:**